

PROGRAMA "MULLERES QUE CONTAN" DE EROSKI: HISTORIAS REAIS E VALENTES EN FEMININO

- Durante este primeiro ano 16 mulleres expertas sobre diversos temas de actualidade en saúde, sustentabilidade e produtos locais sentaron "na butaca vermella" de EROSKI ao longo de toda a xeografía española
- O programa estreará novos contidos audiovisuais e formatos dixitais a través da web de EROSKI
- O Observatorio para a Igualdade de EROSKI cumpriu 15 anos de traballo na busca da equidade entre homes e mulleres

Elorrio, 7 de outubro do 2020.- O programa "Mulleres que contan" de [EROSKI](#) celebra estes días o seu primeiro aniversario, unha iniciativa que naceu co obxectivo de lle dar voz a experiencias persoais de mulleres cun mesmo fío condutor: o empoderamento da muller.

Ao longo desta primeira edición compartiron as súas experiencias persoais connosco 16 mulleres que desenvolven o seu labor en diferentes eidos socio-empresariais. *"O programa achégalle visibilidade e recoñecemento ao papel que desempeñan as mulleres en sectores que tradicionalmente foron capitalizados por homes. O que máis nos interesa saber é que é o que se agacha tras esa decisión para escolleren o seu camiño. Que é o que motivou que fixesen o que fan e, sobre todo, amosar o seu afán de superación para servir de exemplo"*, sinala a Directora de Comunicación e Marca de EROSKI, Ainhoa Oyarbide.

O programa conta como escenario principal cunha butaca vermella que ao longo deste ano percorreu numerosos puntos da xeografía española para recoller os testemuños de empresarias, médicas, investigadoras e profesoras, entre outras.

A Covid, última protagonista

"Mulleres que contan" permitiunos coñecer, na súa primeira entrevista, a Raquel Sesma, presidenta da Cooperativa hortofroítica AN e xerente doutras cinco cooperativas agrícolas. *"Na miña familia ninguén se dedicara ao campo"*, recoñecía cando EROSKI a entrevistou. A súa foi unha conversa que axuda a rachar con moitos tópicos, *"valóranse máis os coñecementos ca ser muller ou home. Eu nunca me sentín discriminada"*. O produto e o produtor local están cada vez máis presentes na vida do consumidor, e polo seu prestixio traballa Sesma: *"é moi importante apoiar o labrego local porque é o esforzo de alguén de preto, dun amigo ou dun veciño"*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Esmeralda Gómez é outra muller que rompe clichés. Licenciada en Matemáticas e astrofísica, Miss Cuenca, nai, pintora e alumna de calquera materia que lle chame a atención. *"Aprendín a facer malabares"*, recoñecía divertida na súa entrevista con EROSKI. Actualmente a súa tarxeta de visita di que é *Data Scientist* en banca dixital e mais divulgadora sobre educación financeira. *"Para vivir de maneira sostible diríache que mercases produtos locais porque favoreces o veciño e, ao final, todo é recíproco. Tamén mira os prezos e as ofertas. Sobre todo, evita malgastar"*.

Sen que ninguén o puidese advertir, a Covid-19 converteuse na protagonista de boa parte deste 2020. "Mulleres que contan" quixo compasar a actualidade ofrecendo reflexións como a da divulgadora Deborah García, que a través da súa canle de YouTube *Deborahciencia* se converteu nun referente en tempos de pandemia. *"Sempre que comunico fágoo honestamente"*, contáballe a EROSKI. *"Levamos anos dicindo: imos ter un bo problema cunha superbacteria... e aconteceu cun virus. Tamén acontecerá o mesmo co cambio climático"*. Ás nenas que non teñen claro que estudar ánimaas a que *"fagan o que fagan e escollan o que escollan, que lles guste"*.

Completan a listaxe de entrevistadas a Secretaria da Federación das Confrarías Guipuscoanas, Miren Garmendia; a produtora de marmeladas, Luisa de Pablos; a presidenta do SAT de Val del Rincón, Eva Lafraya; a dietista, Paula Crespo; a nutricionista, Melissa Gómez; a coordinadora de Citruspack, Carolina Peñalva; a responsable do almacén do Banco de Alimentos de Biscaia, Cayetana López; a produtora de sidra, Arantza Eguzkiza; a investigadora de NEIKER, Inma Estévez; a restauradora, Nagore Irazuegi e a presidenta do Consello Escolar de Euskadi, Neli Zaitegi.

Web e podcast

Actualmente, os vídeos están dispoñibles na páxina web de [EROSKI](https://www.eroski.es). O programa estreará proximamente unha nova sección con novos contidos e formatos dixitais. *"O balance é moi positivo. Atopámonos ante un programa que está a medrar de maneira natural, polo propio interese que esperta, e por iso temos o reto de melloralo, dende as propias historias e dándolle maior proxección. Trataremos de fiar as historias coa actualidade en cada momento e traballaremos o formato podcast, que se vai unir ao formato audiovisual de vídeo que viñamos traballando ata agora"*, adianta Oyarbide.

Medio século de vida pola igualdade de xénero

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un principio básico e estratéxico da xestión en EROSKI dende os seus inicios. Cando a discriminación da muller no mundo laboral era unha práctica corrente e aceptada, EROSKI apostou, dende o seu nacemento, pola promoción do traballo feminino, por un contorno laboral onde as mulleres decidían en igualdade de condicións ca os seus compañeiros. A cooperativa, por exemplo, foi a primeira empresa do sector da distribución en España en nomear a unha muller xerente dun Hipermercado ou en monetizar o valor do traballo dunha ama de casa: 95.000 pesetas tal e como se recollía no estudo estatístico inédito que EROSKI publicou en 1988 co obxectivo de elevar a valoración social do traballo da muller no fogar.

As mulleres non só son maioritarias no equipo de EROSKI (78%), senón que ocupan o 72% dos postos de responsabilidade, unha porcentaxe moi superior á media do sector. Reflexo diso é a presenza paritaria no Consello de Dirección e mais no Consello Reitor.

Dende hai 15 anos EROSKI desenvolve un labor permanente a través do seu *Observatorio para a Igualdade*, que vela para que este principio estea presente en toda a organización.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)